



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique a opción que se corresponde coa seguinte definición: Que elimina ou fai diminuír a dor:

- A) Anamnese.
- B) Analséxico.
- C) Analxésico.
- D) Analóxico.

2. Sinale a frase escrita de xeito incorrecto:

- A) O neno rompeu a póla da árbore.
- B) Chama ti por él.
- C) Eles marcharon canda vós.
- D) A presa está chea de auga.

3. Indique a serie correcta:

- A) A porcentaxe, o garaxe, o árbore, a orixe.
- B) A porcentaxe, o garaxe, a árbore, a orixe.
- C) O porcentaxe, o garaxe, a árbore, a orixe.
- D) A porcentaxe, o garaxe, a árbore, o orixe.

4. Indique a opción de plural correctamente escrita en galego:

- A) Caracol/Caracoles.
- B) Álbum/Álbumes.
- C) Animal/Animales.
- D) Rei/Reis.

5. Sinale a frase correctamente escrita en galego:

- A) A concexal de Cultura foi o testemuño do xuízo.
- B) A concelleira de Cultura foi o testigo do xuízo.
- C) A concexal de Cultura foi a testemuña do xuízo.
- D) A concelleira de Cultura foi a testemuña do xuízo.

6. Cal das seguintes definicións corresponde coa palabra "risco":

- A) Debuxo ou marca longa e delgada.
- B) Suco pouco profundo na superficie dunha cousa.
- C) Situación ou circunstancia que ameaza a seguridade dunha persoa ou cousa.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Indique a opción que se corresponde coa seguinte definición: Coloración azulada ou violácea das mucosas e da pel, debida á concentración de hemoglobina con insuficiencia de osíxeno:

- A) Cianuria.
- B) Cianose.
- C) Ciática.
- D) Cianopsia.

8. Indique a frase correctamente escrita en galego:

- A) O área sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias, e a súa organización asegurará a continuidade da atención sanitaria en todos os niveis asistenciales.
- B) A área sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias, e a súa organización asegurará a continuidade da atención sanitaria en todos os niveis asistenciais.
- C) O área sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias, é a súa organización asegurará a continuidade da atención sanitaria en tódolos niveles asistenciais.
- D) A area sanitaria será a principal estrutura de referencia para a organización das actividades sanitarias, e a súa organización asegurará á continuidade da atención sanitaria en todos os niveles asistenciales.

9. Indique o infinitivo correcto:

- A) Barrer.
- B) Durmir.
- C) Salir.
- D) Decir.

10. Indique cal das seguintes palabras é sinónimo de "tempas":

- A) Cabeza.
- B) Seo.
- C) Sen.
- D) Caluga.

Preguntas de reserva

1. A parte saínte dos ósos que forman a articulación da perna co pé denomínase:

- A) Nocello.
- B) Xeonllo.
- C) Cóbado.
- D) Calcaño.

2. Indique a opción incorrecta:

- A) Berce.
- B) Movilidade.
- C) Avó.
- D) Lonxevidade.